

ACTA NÚM. 11 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA OITO DE XULLO DE 2014.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **doce horas** do día **oito de xullo de 2014**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

A S I S T E N:

Don Ángel Benito Currás Fernández, Alcalde-Presidente.

CONCELLEIROS/AS:

Dona María de los Reyes Leis Rodríguez.
Don Luís Mejjide Rodríguez.
Don José María Rosende Rico.
Dona Marta González Vázquez.
Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Don Ramón Quiroga Limia.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona María José Corral López.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Jesús Amparo Sáinz García.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Don Benardino Higinio Rama Seoane.
Dona Mercedes Rosón Ferreiro.
Dona Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales.
Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muiños Sánchez.
Don José A. Baqueiro Canabal.
Dona M^a de los Ángeles Gómez Bugallo.
Dona Rosario Valledor Puente.
Don Rubén Cela Díaz.
Dona Elvira Cienfuegos López.
Don Rafael Xesús Vilar González.

D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor Xeral do Concello.

Juan Manuel Salguero del Valle, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Non asiste a concelleira, Dona Mar Martín García.

ORDE DO DÍA:

- 1. Toma de posesión dos/as señores/as concelleiros/as.**
- 2. Dar conta do escrito de renuncia do Sr. Alcalde-Presidente.**
- 3. Elección de novo/a Alcalde/sa da Corporación.**

Cumpriméntase así:

1. TOMA DE POSESIÓN DOS/AS SEÑORES/AS CONCELEIROS/AS.

Aberta a Sesión polo Sr. Presidente, tomo a palabra e indico que queda acreditado o cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación electoral, en canto á presentación das credenciais, así como as declaracións de bens e intereses. Sinalo que o artigo 108 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral establece que no momento de tomar posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución, así como cumprimentar os demais requisitos previstos nas leis e regulamentos específicos.

Para tal efecto, procédese en primeiro lugar a chamar aos señores/as concelleiro e concelleira eleitos que xuran cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, así como o Estatuto de Autonomía de Galicia:

Dona Marta González Vázquez.
Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.

Neste momento abandonan o salón de plenos os concelleiros do grupo municipal do BNG.

Acto seguido indico que tomarán posesión os/as concelleiros/as designados/as ao abeiro do disposto no artigo 182.2 da LOREG, establecéndose para tales efectos unha orde alfabética.

Xuran cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, así como o Estatuto de Autonomía de Galicia:

Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.

Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela
Don Ramón Quiroga Limia.
Dona María Jesús Amparo Sáinz García.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.

2. DAR CONTA DO ESCRITO DE RENUNCIA DO SR. ALCALDE-PRESIDENTE.

Indico que consta presentado no Rexistro Xeral do Concello un escrito de data 4 de xullo de 2014 e núm. 33247, que presenta Don Ángel Benito Currás, de renuncia ao cargo de alcalde, que ten o seguinte contido:

“Ángel Benito Currás Fernández, con DNI núm 33820496P, en virtude dos artigos 196 e 198 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, e 40 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expón:

Que con data 22 de maio de 2011 se celebraron as eleccións municipais, ás que acudía formando parte da lista do Grupo Político Partido Popular. Que o Grupo Político ao que pertencía obtivo 13 concelleiros/as.

Que tomou posesión do cargo de concelleiro o día 1 de xullo de 2011, tras cumprir coas obrigas impostas pola Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, e tomou posesión do cargo de Alcalde o día 17 de abril de 2012, tras ser presentada a renuncia do anterior Alcalde D. Gerardo Conde Roa e ser elixido polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada o citado día.

Que por razóns de índole persoal, manifesta a súa decisión de renunciar ao cargo de Alcalde que ocupa no Concello dende o 17 de abril de 2012, sen renunciar por elo a súa condición de concelleiro.

Por todo iso, solicita:

Que polo Pleno do Concello de Santiago de Compostela se tome coñecemento da miña renuncia ao cargo de Alcalde que ostento nestes momentos.”

Toma a palabra o Sr. Currás quen dá lectura ao seguinte discurso:

“Sr. Delegado do Goberno, Conselleiro de Presidencia, Presidentes das Deputacións da Coruña e Pontevedra, autoridades, concelleiros e concelleiras, señoras e señores.

Na miña toma de posesión en 2012, dicia aquí mesmo que asumía a responsabilidade de manter e dar continuidade ao goberno municipal de Santiago, case vinte e sete meses despois, asumo tamén aquí unha responsabilidade de compromiso con Compostela, a da miña renuncia como Alcalde.

Levarei conmigo momentos tráxicos, como os daquel accidente de Angrois que xunto cunha inmensa tristura, ofreceu tamén a imaxe da solidariedade máis abnegada, ou os dos momentos difíciles coas convulsións e incertidumes da tarefa de goberno polas circunstancias vividas ou polas recente sentenza que apartou aos compañeiros/as de goberno, pero levarei tamén conmigo a honra que supuxo dirixir unha cidade sen a que non se pode concebir Galicia, nin Europa.

Unha cidade universal cuxa iconografía non coñece fronteiras, é unha cidade que pola súa historia son moitas cidades nunha única.

E por suposto, tamén, unha cidade que é escenario da vida cotia de tantas mulleres e homes cos seus afáns, preocupacións e expectativas, aos que quero agradecerlles en primeiro lugar, o permitirme ser Alcalde de Santiago porque eles son o único importante na miña vocación de servizo.

Agradecemento ás institucións da cidade, que en todo momento prestaron o apoio que lles solicitamos poñendo sempre por enriba o interese da capital de Galicia.

Como quero agradecer ao meu equipo de goberno os que están aquí, Reyes Leis, Luís Meijide ou José Rosende, e aos que por unhas ou outras razóns non poden acompañarme hoxe, a todos eles, o meu recoñecemento polo seu traballo, dedicación e compromiso.

Agradecemento tamén aos voceiros e concelleiros do Bloque Nacionalista Galego e do PSdeG-PSOE, porque máis aló das discrepancias xurdidas na xestión de goberno que foron moitas ás veces, sempre soubemos todos, que en democracia o adversario político nunca é o enemigo.

Gratidade aos empregados públicos polos esforzos que tiveron que facer nestes anos, de fonda crise económica, mantendo día a día a súa entrega ao servizo público, entendendo sempre que detrás de cada expediente e de cada solicitude hai un proxecto de vida, unha ilusión ou unha solución para os cidadáns de Compostela.

E por suposto aos que no gabinete traballaron ao meu carón no día a día coa dificultade das circunstancias sobrevidas polo seu apoio sincero e inequívoco.

Agradecemento, por suposto, aos medios de comunicación que dende este Pazo de Raxoi, trasladaron o acontecer diario do traballo do goberno, e tamén, por suposto, das adversidades e sobresaltos dese mesmo traballo diario.

Estou certo de que o bastón de mando do Concello queda en boas máns, para o meu sucesor, Agustín Hernández, que será elixido a continuación e para o seu equipo de goberno, desexo o mellor, e confío que poidan garantir a cidade o protagonismo máis lúcido, e máis lúcido e devolverlle a propia Compostela a súa natural serenidade institucional, estabilidade e continuidade.

Nada máis e moitas gracias.”

O pleno toma coñecemento da renuncia de don Ángel Currás Fernández ao cargo de alcalde.

A continuación preside o pleno a primeira Tenente de Alcalde dona Reyes Leis Rodríguez.

3. ELECCIÓN DE NOVO/A ALCALDE/SA DA CORPORACIÓN.

Dona Reyes Leis di que a continuación se procede á elección do novo alcalde, polo sistema de mán alzada.

Achegadas ao expediente figuran os escritos dos/as concelleiros/as Don José María Rosende Rico, Don Luís Meijide Rodríguez e dona Marta González Vázquez, nos que renuncian á condición de alcaldables.

Tomo a palabra e indico que se procede a elección do novo alcalde, ao abeiro do disposto no artigo 196 da Lei Orgánica Electoral Xeral. Sinalo que poderán ser candidatos todos aqueles que encabecen as respectivas listas electorais, e en concreto:

PSdeG-PSOE, candidato: D. Francisco Reyes Santiás.

Partido Popular, candidato: D. Agustín Hernández Fernández de Rojas.

Verbo do BNG entendo que non presenta candidatura ao estar ausentes nestes momentos no salón de plenos.

O resultado da votación é o seguinte:

Votos a favor do candidato do PSdeG-PSOE: 8 votos a favor, votos en contra 13, abstencións 0.

Votos a favor do candidato, Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: 13 votos a favor, votos en contra 8, abstencións 0.

Ao obter o señor Agustín Hernández Fernández de Rojas, a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación queda investido alcalde do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

Despois de prestar o xuramento regulamentario toma posesión do cargo e o señor alcalde pasa a presidir o acto.

A seguir da lectura o señor alcalde ao discurso de toma de posesión:

“Autoridades, membros da corporación municipal, señoras e señores, permítanme un saúdo especial aos compañeiros que tiven en anteriores responsabilidades e que hoxe tamén nos acompañan.

Compostela é unha rúa longa na memoria, onde vagan os nomes e as horas que cada quen recorda, así comeza un fermoso poema dun admirado veciño da nosa cidade, eu quero dende hoxe, percorrer esa rúa longa de Compostela e falar con cada veciño.

Quero co concurso de todos seguir contribuíndo a facer un concello cada paso mellor ao servizo dos cidadáns.

É evidente que hoxe asistimos neste salón de plenos a un acto froito da aplicación estrita da lei, pero froito tamén, dun momento excepcional, excepcional e excepcionalidade que é vontade de quen lles fala, así como do grupo maioritario deste concello que remate no mesmo instante en que se dea por finalizado este pleno.

Porque non temos máis obxectivo que desenvolver e devolver a esta cidade a normalidade institucional. Normalidade na dirección do Concello como normalidade, por certo, houbo na xestión cotiá desta institución grazas a profesionalidade, dedicación, traballo e compromiso coa cidade dos empregados públicos deste concello aos que quero agradecer neste inicio da miña intervención, precisamente, esa profesionalidade.

Agradecemento, que noutra orde de cousas, gustaríame estender a todos os compañeiros que co seu traballo en equipo me apoiaron e axudaron no inicio deste novo camiño, cheo de ilusión e de sentido da responsabilidade, en especial debo citar a Alberto Núñez Feijoo que confiou na miña persoa para traballar directamente pola miña cidade.

Nesta hora, quixera ter unha lembranza para todos os que me antecederon no cargo desta última etapa democrática que xa ten cumprido trinta e cinco anos, José Antonio

Souto Paz, Marcial Castro Guerra, Ernesto Vieitez Cortizo, Xerardo Estévez, Xosé Antonio Sánchez Bugallo, Gerardo Conde Roa e por suposto o derradeiro alcalde, Ángel Currás, a todos eles, é preciso recoñecerlles o seu esforzo para construír e contribuír a un concello e unha cidade mellor.

Como xa mencionei, esta é, certamente, unha sesión extraordinaria, non só no plano formal o do protocolo, senón tamén, porque responde a unhas circunstancias especiais.

Unhas circunstancias que teñen condicionado a vida deste concello, algunhas delas, por certo, alleas a propia actividade municipal e das que a forza política a que pertenzo asume a cota de responsabilidade que lle corresponde, como tamén asume, toda a responsabilidade para a súa inmediata resolución dende agora e de cara ao futuro coa axuda de todos.

Hoxe ábrese unha nova etapa no Concello de Santiago de Compostela. Un desafío que afronto con decisión e coa convición de que este período de tempo serva para recuperar a plena eficacia na xestión administrativa, o pulso da actividade política, e o clima de traballo e concordia no seo da Corporación Municipal.

Todo elo para acadar o único obxectivo de calquera corporación municipal que non é outro, que é servir a todos e cada un dos seus veciños.

O noso labor irá dirixido a achegar estabilidade, confianza e tamén proximidade, e trataremos de facelo a través dunha política centrada na atención das persoas e na xestión dos intereses públicos, da mañá á noite.

Por iso, imos traballar arreo dende o goberno como un equipo unido e compacto na procura de darlle solucións aos verdadeiros problemas e ás necesidades que ten a cidade.

Porque nesta etapa, dende o primeiro ao último concelleiro imos facer de Compostela o centro do noso traballo, e no meu caso, pódeme crer, o centro da miña vida, posto que o concello na súa condición de casa común, vaise converter literalmente e con toda a propiedade na casa onde pasarei cando non estea na rúa a maior parte das miñas horas, así o fixen na Consellería e así o farei no Concello.

Son consciente da inxente tarefa que asumo, nunhas difíciles circunstancias para a administración local e sobre todo para unha grande maioría dos veciños e das veciñas as que nos debemos, e aos que lles debemos a nosa atención cando máis o necesitan.

Dende o Concello tamén a obriga de contribuír a superar definitivamente a crise económica e tamén social que padecemos e tomar as decisións políticas necesarias para

mellorar a calidade de vida das persoas, das empresas, do comercio, do turismo, da hostalería, etc.

Implicarnos de forma activa nas políticas de benestar e de servizos sociais, para que ninguén quede atrás, e que ninguén se sinta desprotexido, e facer da convivencia veciñal un pilar fundamental sobre o que licitar o noso desenvolvemento.

Debemos propiciar un cambio que xere ilusión e esperanza, apostando pola excelencia, a calidade, e tamén o esforzo.

Porque facer política é pensar nas persoas, e cando nos implicamos nesta tarefa, é porque temos vocación de servizo público e vontade de mellora para a sociedade e tamén para as persoas, por mor diso, eu comprométome a traballar por recuperar a ilusión da cidadanía, por fortalecer os seus valores, e por facelos partícipes da construción dunha Compostela mellor dende os seus barrios e parroquias.

É preciso poñer en práctica unha nova forma de facer política, que partindo do traballo, incorpore rigor e imaxinación na prioridade de accións e na toma de decisións, sempre co obxectivo último de ofrecer un bo servizo público.

Como en todas as instancias públicas, tamén o Concello, é preciso tender cara un cambio da cultura política e das maneiras de actuar ampliando a transparencia na xestión e facendo do diálogo unha ferramenta habitual dentro e fora do Concello, no seo da Corporación e nas relacións coa veciñanza.

Espero contar para iso coa colaboración e coa implicación de todos os funcionarios municipais, que son, en última instancia as pezas básicas para que a administración funcione e se fagan realidade as decisións do equipo de goberno.

Son coñecedor da súa valía e profesionalidade e confío plenamente na súa vocación de servizo público por riba dos lexítimos credos e ideoloxías persoais e así poder acadar unha cordial e fluída relación laboral a prol dos intereses xerais.

Todos saben, todos sabemos, que Santiago é unha cidade universal, unha cidade de fondas raigames históricas, pero tamén, unha cidade viva e en constante evolución.

Unha cidade que sempre brillou con luz propia ao longo dos séculos, como acredita e resume esta veciña praza do Obradoiro, onde se reúnen imponentes e senlleiras referencias do seu poderío eclesiástico, civil ou tamén académico.

Unha cidade, que tamén soubo conservar e proxectar ese legado ata os nosos días e así debe seguir no futuro.

Se Europa se fixo peregrinando a Compostela, teño a convición de que a Compostela do futuro debe facerse camiñando pola senda do entendemento, do esforzo conxunto, nun tránsito no que segan a ter unha participación activa a igrexa, a universidade, o estado, a administración local, e por suposto tamén, a autonómica, as asociacións e entidades, e en definitiva, o conxunto da sociedade.

Ese labor conxunto que fixo medrar e consolidar a nosa cidade, debe inspirar e guiar os nosos pasos e a nosa acción de goberno.

Un goberno que atenda a todos os cidadáns sen ningún tipo de distincións, que leve a cabo unha acción de goberno aberta e participativa, transparente, respectuosa da diversidade e que teña como único fin a procura de puntos de encontro, e por suposto, do ben común.

Non se trata de romper co pasado, senón de unificar a partir dun novo tempo, queremos ser exemplares dende o principio, ser dignos representantes dunha cidade que foi, é e deberá seguir sendo exemplar, motivo de orgullo para os que nela viven, e para quen dende todos os confíns nos visitan.

Esta casa do Concello debe ser como eses vidros que permiten ver o interior e que ao mesmo tempo reflicten o exterior. Unha institución transparente, que sexa o espello no que todos se poidan ver representados.

A nosa prioridade será axilizar a xestión municipal e con ela a relacións cos veciños e veciñas de Compostela, e compre que non esquezamos que gobernar Compostela é moito máis que dirixir un concello, é facer funcionar o corazón de Galicia, unha das principais capitais europeas e cidade patrimonio da humanidade, pero ao lado da súa indiscutible dimensión mundial, europea, española e galega, Santiago de Compostela, ten outra dimensión que non pode esquecerse, a dunha cidade profundamente humanizada, moi vinculada co seu pasado e co seu futuro de cabeceira dunha ampla contorna rural que lle confire unha singularidade é un carácter diferencial que debe ser atendido, coidado e preservado dende a acción política.

É certo que a cidade precisa dunha proxección exterior forte, pero non pode esquecer aos que viven nela, no casco histórico, no Ensanche, nos barrios, en definitiva, todas as parroquias dende Busto ata Marrozos, dende Vilvestro ata Sabugueira, dende Cesar ata Conxo, dende Sta. Cristina de Fecha ata Bando, e para iso, precisa do apoio das institucións que lle fagan xustiza a ese importante papel que desempeña Santiago como capital.

Como Alcalde vou ser esixente coas políticas das distintas administracións, con lealdade e perspectiva de país, pero sen desmaiar para conseguir os investimentos, e tamén os servizos propios da capital de Galicia, sen localismos estériles, pero demandando que en xustiza nos corresponde.

Debemos facer que os composteláns recuperen ilusión pola súa cidade, que vexan que as cousas se fan ben, con sentido común, que se priorice o gasto con criterio e que se escoite antes de tomar decisións. Son as regras básicas e infalibles para unha boa administración pública e cando xurdan voces críticas, por suposto, que as escoitaremos e trataremos de atender esas demandas.

Eu quero un goberno aberto a crítica da cidadanía, que debemos concibir como un ingrediente fundamental para unha acción política democrática, un elemento de alerta e de atención para as nosas actuacións, porque son expresión dunha vontade cidadá que é preciso ter en conta, sempre e non só cada catro anos.

Polo tanto, estaremos atentos e seremos receptivos ás propostas que xurdan da cidadanía, tratando de dialogar sempre, e ímolo facer canto antes, por iso fago pública a miña intención de pechar a organización do goberno municipal de xeito inmediato, coa atribución de concellarías e áreas de responsabilidade a cada un dos concelleiros e co nomeamento da Xunta de Goberno.

Remato, reiterando que a partir de agora mesmo, o único obxectivo do equipo que teño a honra de dirixir é traballar por Compostela, para acadar o obxectivo de que esta cidade, marabillosa por certo, sexa un orgullo para os que aquí viven, e para o conxunto dos galegos e das galegas, que sintan que a súa capital, é un lugar aberto a convivencia, integrador, e tamén hospitalario, que representa unha historia común e que sexa para sempre un referente da unidade e da grandeza de Galicia, en España e tamén no mundo.

Esa dualidade que nunca se pode construír dende a óptica dunha única opción política, precisa por suposto, da implicación de todos.

Por iso vou traballar dende agora, e para iso convoco a todos, cidadáns e tamén oposición coa man tendida facéndolles sitio nesta tarefa común, polo ben, e polo futuro desta querida cidade, que a todos sen dúbida nos acolle e que a todos tamén nos representa.

Moitas grazas.”

Remata a sesión cando son as 12:30 horas. Dou fe.

Comunícolle que na sesión plenaria extraordinaria que tivo lugar o día 8 de xullo de 2014, tratouse o seguinte asunto:

1. TOMA DE POSESIÓN DOS/AS SEÑORES/AS CONCELEIROS/AS.

Aberta a Sesión polo Sr. Presidente, tomo a palabra e indico que queda acreditado o cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación electoral, en canto á presentación das credenciais, así como as declaracións de bens e intereses. Sinalo que o artigo 108 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral establece que no momento de tomar posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución, así como cumprimentar os demais requisitos previstos nas leis e regulamentos específicos.

Para tal efecto, procédese en primeiro lugar a chamar aos señores/as concelleiro e concelleira eleitos que xuran cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, así como o Estatuto de Autonomía de Galicia:

Dona Marta González Vázquez.
Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.

Acto seguido indico que tomarán posesión os/as concelleiros/as electas ao abeiro do disposto no artigo 182.2 da LOREG, establecéndose para tales efectos unha orde alfabética.

Xuran cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, así como o Estatuto de Autonomía de Galicia:

Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela
Don Ramón Quiroga Limia.
Dona María Jesús Amparo Sáinz García.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.

O que se lle comunica para os efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2014.

O secretario xeral do pleno,

Asdo.: Juan Manuel Salguero del Valle

Comunícolle que na sesión plenaria extraordinaria que tivo lugar o día 8 de xullo de 2014, deuse conta do seguinte asunto:

2. DAR CONTA DO ESCRITO DE RENUNCIA DO SR. ALCALDE-PRESIDENTE.

Consta presentado no Rexistro Xeral do Concello un escrito de data 4 de xullo de 2014 e núm. 33247, que presenta Don Ángel Benito Currás, de renuncia ao cargo de alcalde, que ten o seguinte contido:

“Ángel Benito Currás Fernández, con DNI núm 33820496P, en virtude dos artigos 196 e 198 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, e 40 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expón:

Que con data 22 de maio de 2011 se celebraron as eleccións municipais, ás que acudía formando parte da lista do Grupo Político Partido Popular. Que o Grupo Político ao que pertencía obtivo 13 concelleiros/as.

Que tomou posesión do cargo de concelleiro o día 1 de xullo de 2011, tras cumprir coas obrigas impostas pola Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, e tomou posesión do cargo de Alcalde o día 17 de abril de 2012, tras ser presentada a renuncia do anterior Alcalde D. Gerardo Conde Roa e ser elixido polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada o citado día.

Que por razóns de índole persoal, manifesta a súa decisión de renunciar ao cargo de Alcalde que ocupa no Concello dende o 17 de abril de 2012, sen renunciar por elo a súa condición de concelleiro.

Por todo iso, solicita:

Que polo Pleno do Concello de Santiago de Compostela se tome coñecemento da miña renuncia ao cargo de Alcalde que ostento nestes momentos.”

O pleno toma coñecemento da renuncia de don Ángel Currás Fernández ao cargo de alcalde.

O que se lle comunica para os efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2014.

O secretario xeral do pleno,

Asdo.: Juan Manuel Salguero del Valle

Comunícolle que na sesión plenaria extraordinaria que tivo lugar o día 8 de xullo de 2014, tratouse o seguinte asunto:

3. ELECCIÓN DE NOVO/A ALCALDE/SA DA CORPORACIÓN.

Achegadas ao expediente figuran os escritos dos/as concelleiros/as Don José María Rosende Rico, Don Luís Meijide Rodríguez e dona Marta González Vázquez, nos que renuncian á condición de alcaldables.

Tomo a palabra e indico que se procede a elección do novo alcalde, ao abeiro do disposto no artigo 196 da Lei Orgánica Electoral Xeral. Sinalo que poderán ser candidatos todos aqueles que encabecen as respectivas listas electorais, e en concreto:

PSdeG-PSOE, candidato: D. Francisco Reyes Santiás.

Partido Popular, candidato: D. Agustín Hernández Fernández de Rojas.

O BNG non presenta candidatura ao estar ausentes nestes momentos no salón de plenos.

O resultado da votación é o seguinte:

Votos a favor do candidato do PSdeG-PSOE: 8 votos a favor, votos en contra 13, abstencións 0.

Votos a favor do candidato, Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: 13 votos a favor, votos en contra 8, abstencións 0.

Ao obter o señor Agustín Hernández Fernández de Rojas, a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación queda investido alcalde do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

O que se lle comunica para os efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2014.

O secretario xeral do pleno,

Asdo.: Juan Manuel Salguero del Valle

JOSÉ RAMÓN ALONSO FERNÁNDEZ, VICESECRETARIO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICO: Que na sesión plenaria extraordinaria que tivo lugar o día oito de xullo de dous mil catorce, tomou posesión como Alcalde-Presidente do Concello de Santiago de Compostela, Don AGUSTÍN HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE ROJAS.

E para que conste aos efectos oportunos expido a presente certificación en Santiago de Compostela, dez de setembro de dous mil catorce.